

# MARNIE, A LADROA

Alfred Hitchcock, 1964

# 1137

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2023 | V.O.S.E. | 129 min

Tippi Hedren é Marnie, unha secretaria ladra e mentireira que se pon a traballar para Mark Rutland (Sean Connery) e tenta roubarlle. Mark, impulsivamente, casa con ela e tenta descubrir as causas do seu obsesivo comportamento. Mal acollida pola crítica no seu día, acabou por revelarse como unha das películas máis escuras, perturbadoras e ousadas de Hitchcock. Cleptomanía, traumas infantís e unha relación, a que manteñen os personaxes de Tippi Hedren e Sean Connery, alén do permisible, mesmo hoxe en día.

«Aínda é electrizante de ver,  
exuberante, fría e estrañamente  
emotiva»

Geoff Andrew , TIME OUT



## Unha fonda lección de moral

Por Miguel Marías

Quizais sexa Hitchcock o director cuxa obra forme un todo máis completo, cuxos filmes estean máis relacionados entre si. Así, o mesmo que o ano pasado c'*Os paxaros* (1963), ocorre que ao estrearse *Marnie, a ladroa* (1964), para comprendela ben, é preciso remontarse á "liña principal" de Hitchcock que estaría formada por *A ventá indiscreta* (1954), *Vertigo* (1958), *Psicose* (1960), *Os paxaros* e *Marnie*. Estes filmes caracterízanse por seren máis psicolóxicos que os seus divertimentos (*O home que sabía de máis* -1956-, *Coa morte nos talóns* -1959-) e polo seu estilo "documental" xa que trata casos psicopáticos con fortes implicacións sexuais e un certo vampirismo espiritual.

É Hitchcock un cineasta difícil? A propia pregunta é difícil de responder. Hitchcock fai filmes de misterio para un vasto público, cos que xoga limpo e ofrece coa maior claridade e rigor todo o que promete: emoción, misterio, humor, algo de terror. Pero ao irmos afondando, o terreo faise a cada volta máis complexo, até o punto de que quen vaia ver *Marnie, a ladroa* (1964) sen ter visto outro filme de Hitchcock, vaise divertir e emocionar, pero non chegará á fonda lección de moral e á fermosa historia de amor que contén.

*Marnie* é unha das grandes obras mestras de Hitchcock, xunto a *Vertigo*, *Falso culpable* (1956), *Os paxaros* e *Coa morte nos talóns*, e quizais unha antoloxía dos seus temas favoritos. Aquí está a falsa culpabilidade (Bernice Edgar, a nai, pola súa filla Marnie), a confusión de identidade (múltiple, ademais, en Marnie), o vampirismo (Mark Rutland), a redención polo amor (Marnie é liberada da súa culpa polo amor de Mark), os complexos psicolóxico-sexuais freudianos, coa súa orixe na familia e a grande importancia dos soños, o amor "ao Poe" (en *Marine* ocorre o contrario que en *Vertigo*, sendo aquí Sean Connery un vampiro xeneroso mentres James Stewart era alí un vampiro egoísta que carrega a morte de Kim Novak), os crimes sanguentos (*Psicose*), o flashback esclarecedor (en *Marnie*, o máis impresionante que vin nunca).

Hitchcock é un home que domina todos os medios de expresión do cinema e non desbota nin un só deles. O seu uso dos actores é maxistral, desde esa Tippi Hedren, diferente a Melanie Daniels, pero co mesmo tipo de traxes, a un abraiante Sean Connery logo de fosilizadas intepretacións como o robot 007, pasando pola sibilina Diane Baker ou a adorable Mariette Hartley. O seu uso da cor é verdadeiramente prodixioso, servíndolle tamén como elemento simbólico: o vermello representa o problema psicolóxico-sexual de Marnie, o amarelo remite ao diñeiro e á felicidade, o verde á esperanza.

A prodixiosa fotografía de Robert Burks serve como outra das armas de Hitchcock, e de novo demostra o seu xogo limpo ao usar unhas diapositivas tan evidentes e uns decorados tan irrisorios -os barcos ancorados xunta a casa da nai de Marnie, a fachada de Rutland&Co.-, fotografados con profundidade de campo para que aínda se note máis. E que importa un decorado ou unha diapositiva se o filme é unha obra mestra? Se é cinema puro e do bo.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Los pájaros*,  
Alfred Hitchcock.  
Universal Pictures [BD]

*Vertigo*,  
Alfred Hitchcock.  
Universal Pictures [BD]

*El cine según Hitchcock*,  
François Truffaut.  
Alianza Editorial, 2010